

ANUNCIO DA APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS OU EXCLUÍDAS, NA COMISIÓN EXTRAORDINARIA DE 30 DE XANEIRO, EN RÉXIME RESIDENCIAL, NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2024/2025.

A Deputada Delegada, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN,

Ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG 18/12/2008), e mais o Decreto 329/2005, de 28 xullo, (DOG 16/8/2005) polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a Deputación de Pontevedra conta no Centro Príncipe Felipe con recursos para a atención residencial de menores procedentes de concellos da provincia.

Este servizo de acollemento residencial ten como finalidade atender a aquelas persoas menores procedentes de familias con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos servizos sociais comunitarios dos concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da Xunta de Galicia.

A fin de regular a admisión dos menores no centro en réxime residencial, a Dirección do Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do dito procedemento para o curso 2024-2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 45 de data 4 de marzo de 2024.

Tal e como establecen as bases da convocatoria o Consello Coordinador de Centros de Acollemento, en reunión celebrada o 26 de setembro do presente ano, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, eleva a proposta ao órgano competente da Deputación Provincial para a resolución de adxudicación das prazas no réxime residencial, durante o curso 2024/2025.

Considerando o establecido na base décimo terceira das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial en consonancia co artigo 45.1b) da LPACAP, o presente acto administrativo será obxecto de publicación, surtindo os efectos da notificación.

Considerando que por Resolución da Presidencia nº 202500361, de data 20 de xaneiro de 2025, delégase na Deputada Dona Sandra Bastos Míguez as atribucións da Presidencia no Centro Príncipe Felipe, **RESOLVO:**

1.- Non admitir no réxime residencial do Centro Príncipe Felipe, para o curso 2024-2025, aos menores seguintes:

Nº	Nº Rexistro	Nome	Idade	Motivo de exclusión
1	WEB2025000441	LORENA	14	INCUMPRIMENTO BASE 2ª PUNTO 3º

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición



Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE.-INTERESADO.-

